

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****MINISTERIO DA PRESIDENCIA**

**18505** *Real decreto 1789/2009, do 20 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de retribucións do persoal das forzas armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e o Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

No exercicio da autorización concedida polo artigo 152 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, o Consello de Ministros, mediante o Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, aprobou o Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas.

Posteriormente, dúas sentenzas do Tribunal Supremo, ambas as dúas do 26 de setembro de 2008, anularon o anexo VI do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, polo que, en cumprimento destas, é necesaria a aprobación dun novo anexo VI.

Por outro lado, é necesario modificar a disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, xa que a dificultade técnica que implica o proceso fai aconsellable a ampliación do prazo para a súa conclusión.

Na súa virtude, por proposta das ministras da Presidencia, de Economía e Facenda, de Defensa e de Sanidade e Política Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de novembro de 2009,

**DISPOÑO:**

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e modificado polo Real decreto 789/2007, do 15 de xuño, e o Real decreto 28/2009, do 16 de xaneiro.*

O Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e modificado polo Real decreto 789/2007, do 15 de xuño, e polo Real decreto 28/2009, do 16 de xaneiro, queda modificado establecendo un novo anexo VI, cuxo contido é o que se determina a continuación, con efectos económicos exclusivos para o período que se indica:

a) Con efectos económicos do 1 de novembro ao 31 de decembro de 2005, o anexo VI queda redactado da seguinte forma:

**«ANEXO VI****Retribucións mensuais do persoal de tropa da antiga escala a extinguir da Garda Real**

Emprego	Soldo – (Euros)	C. destino – (Euros)	C. específico – (Euros)
Cabo primeiro . . . . .	676,70	295,69	205,99
Cabo . . . . .	676,70	252,12	196,16
Garda . . . . .	676,70	208,61	188,55»

b) Con vixencia para o ano 2006, o anexo VI queda redactado da seguinte forma:

**«ANEXO VI**

**Retribucións mensuais do persoal de tropa da antiga escala  
a extinguir da Garda Real**

Emprego	Soldo – (Euros)	C. destino – (Euros)	C. específico – (Euros)
Cabo primeiro . . . . .	690,24	301,61	210,11
Cabo . . . . .	690,24	257,17	200,09
Garda . . . . .	690,24	212,79	192,33»

c) Con vixencia para o ano 2007, o anexo VI queda redactado da seguinte forma:

**«ANEXO VI**

**Retribucións mensuais do persoal de tropa da antiga escala  
a extinguir da Garda Real**

Emprego	Soldo – (Euros)	C. destino – (Euros)	C. específico – (Euros)
Cabo primeiro . . . . .	704,05	307,65	217,83
Cabo . . . . .	704,05	262,32	206,65
Garda . . . . .	704,05	217,05	199,14»

d) Con vixencia para o ano 2008, o anexo VI queda redactado da seguinte forma:

**«ANEXO VI**

**Retribucións mensuais do persoal de tropa da antiga escala  
a extinguir da Garda Real**

Emprego	Soldo – (Euros)	C. destino – (Euros)	C. específico – (Euros)
Cabo primeiro . . . . .	718,14	313,81	231,20
Cabo . . . . .	718,14	267,57	221,28
Garda . . . . .	718,14	221,40	216,32»

e) Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2009, o anexo VI queda redactado da seguinte forma:

**«ANEXO VI**

**Retribucións mensuais do persoal de tropa da antiga escala a extinguir da  
Garda Real**

Emprego	Soldo – (Euros)	C. destino – (Euros)	C. específico – (Euros)
Cabo primeiro . . . . .	732,51	320,09	235,76
Cabo . . . . .	732,51	272,93	226,11
Garda . . . . .	732,51	225,83	222,53»

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa.*

A disposición transitoria primeira do Real decreto 187/2008, do 8 de febreiro, polo que se establece o procedemento de integración na condición de persoal estatutario do persoal laboral da Rede Hospitalaria da Defensa, queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria primeira. *Conclusión do proceso de integración.*

O proceso de integración do persoal laboral da Área de actividades específicas da Rede Hospitalaria da Defensa deberá estar concluído con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.»

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre Defensa e Forzas Armadas.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ